



A Alta Silesia. Rexionalismo periférico en Polonia?

Descrición

Cando falamos de Silesia e da Alta Silesia cǎmpre facer unha aclaración que non leve a futuras confusións. A Alta Silesia, coñecida na lingua silesiana como *Górná Āšlánska* forma parte do territorio histórico – xeográfico de Silesia, un territorio xeográfico máis amplo situado concretamente entre o suroeste de Polonia e o nordeste de Chequia.

A Alta Silesia a pesares de ser concibida como unha rexión per se, a parte polaca estǎ dividida a nivel administrativo en dous voivodatos (provincias polacas): o Voivodato de Silesia e o Voivodato de Opole. Contando no seu conxunto cun total aproximado de 4 millóns de habitantes.

Neste artigo tratarei de presentar a rexión histórica da Alta Silesia, non soamente como un ente puramente histórico- xeográfico se non como o ente político-étnico que representa no contexto actual polaco. Deste xeito, para entender o caso silesiano, empregarei o concepto de comunidade étnica elaborado polo sociólogo británico Anthony D. Smith [1], que entendǎa estes grupos como poboacións humanas que comparten un territorio histórico, mitos e memorias no tempo, un ou máis elementos dunha cultura compartida, un sentimento de asociación territorial e certa solidariedade.

Ao igual que as nacións, os grupos étnicos tamén contan con mitos ou historias que marcan a identidade política destas comunidades. No caso da Alta Silesia isto xira ao redor do que se coñece como *A Inxustiza Silesiana*, esta cuestión non se reduce a un único evento senǎn a un grupo de eventos acontecidos ao longo do período de entre guerras, durante e despois da Segunda Guerra Mundial.

Tralo fin da Gran Guerra e a firma do Tratado de Versalles en 1919, o territorio da Alta Silesia atoparǎase nunha delicada situación. No Tratado acordǎbase a realización dun plebiscito no que os cidadǎns silesianos decidirǎan se a rexión seguirǎa formando parte da Alemaña de Weimar ou pasarǎa a formar parte da nova República de Polonia. Neste contexto ambos países levarǎan a cabo fortes campañas de propaganda sen ter en conta que un porcentaxe significativo da poboación nativa (entre o 30% e o 50%), non se identificaba con ningunha nacionalidade e calquera recoñecemento da identidade silesiana era maiormente obviado por ambas partes [2].

Durante os anos 1919 e 1921, é dicir, antes e xusto despois da realización do plebiscito, un total de tres levantamentos estalarǎan na rexión de Silesia. Algúns autores consideran o ocorrido durante eses anos como unha guerra non declarada entre Polonia e Alemaña, dende a narrativa etnorexionalista silesiana, aqueles episodios son considerados como unha guerra civil. Tras estes trágicos episodios e un plebiscito que

non convencÃ³a a ningunha das partes, acordouse dividir a Alta Silesia entre AlemaÃ±a e Polonia, conformando asÃ³ o primeiro episodio traumÃ¡tico para a identidade silesiana.

A asimilaciÃ³n cultural realizada en ambas partes do territorio tornarÃ³ase mÃ¡is significativa coa invasiÃ³n da AlemaÃ±a nazi a Polonia, que integrarÃ³a a toda a Alta Silesia nunha mesma provincia e onde se levarÃ³a a cabo unha limpeza Ã©tnica. Neste senso, Ã© de interese comentar que dende a perspectiva xermana, facÃ³ase unha distincÃ³n entre a poboaciÃ³n etnicamente silesiana ou silesiana-alemÃ¡, Ã¡ cal pretendÃ³ase xermanizar e a poboaciÃ³n polaca Ã¡ cal deportÃ³base. Deste xeito, arredor de 250.000 silesianos serÃ³an chamados a filas do exÃ©rcito alemÃ¡n [3].

A consideraciÃ³n dos silesianos como parcialmente alemÃ¡ns, o exercicio militar no bando alemÃ¡n e a sÃ³a submisiÃ³n durante a ocupaciÃ³n [2] terÃ³a graves consecuencias para a comunidade silesiana trala Segunda Guerra Mundial. AsÃ³, trala entrada do ExÃ©rcito Vermello no territorio da Alta Silesia e a posterior incorporaciÃ³n da rexÃ³n na RepÃ³blica Popular de Polonia, levarÃ³ase a cabo dende o Goberno polaco unha limpeza Ã©tnica da poboaciÃ³n considerada alemÃ¡ na rexÃ³n. Isto afectarÃ³a en gran medida Ã¡ poboaciÃ³n silesiana, que durante a ocupaciÃ³n nazi fora considerada como xermana ou como "xermanizable". A represiÃ³n contra a poboaciÃ³n civil traducida en deportaciÃ³ns, internamento en campos de concentraciÃ³n e abusos durante o final do conflito e a posguerra serÃ³an algÃ³ns dos eventos que conformarÃ³an o que se coÃ±ece hoxe en dÃ³a como "A Inxustiza Silesiana" (The Silesian Harm).

Sen dÃ³bida, tanto o caos polÃ¡tico e administrativo da rexÃ³n durante o perÃ³odo de entreguerras como a represiÃ³n sufrida unha vez rematada a Segunda Guerra Mundial marcarÃ³an aos habitantes da Alta Silesia e consecuentemente Ã¡ sÃ³a memoria colectiva ata o dÃ³a de hoxe.

No ano 2021, Polonia realizaba o seu Ã³ltimo censo [4]. Os resultados, publicados o ano pasado mostraban unha baixada na porcentaxe de poboaciÃ³n que se identificaba etnicamente como silesiana respecto ao censo de 2011, pasando dun total de 846,700 a un total de 585,700 a dÃ³a de hoxe. Sen embargo, non deixan de ser a comunidade Ã©tnica mÃ¡is grande do paÃ³s por detrÃ¡s dos polacos. No que respecta a lingua silesiana, 460,000 persoas considÃ³rana a sÃ³a lingua nai.

Se houbera que sintetizar a actualidade polÃ¡tica ao redor da Alta Silesia, poderÃ³amos empregar 3 palabras: lingua, centralismo e divisiÃ³n. A maior parte das organizaciÃ³ns polÃ¡ticas-culturais e os partidos polÃ¡ticos silesianos teÃ±en como eixe central a reivindicaciÃ³n da lingua silesiana como parte fundamental da sÃ³a identidade. A loita polo recoÃ±ecemento a nivel nacional da lingua vÃ³n de lonxe e segue activa. O Ã³ltimo episodio remÃ³ntase ao pasado mes de maio, cando o Senado, controlado pola oposiciÃ³n do Primeiro Ministro D. Tusk, aprobaba un proxecto de lei recoÃ±ecendo o silesiano como lingua rexional, sendo a Lei vetada dÃ³as despois polo Presidente Andrzej Duda, principal oponente polÃ¡tico de Tusk.

O proxecto orixinal do Estado polaco xira ao redor da idea dunha naciÃ³n unitaria e homoxÃ©nea. AsÃ³ pois, movementos rexionalistas como o silesiano supoÃ±en unha

ameaza para esa imaxe que certos partidos, principalmente o PiS (Lei e Xustiza), aÃ³nda queren impoÃ±er en Polonia. O Presidente Duda, declaraba abertamente que "o silesiano non era mÃ¡is que un dialecto do polaco" e que no contexto xeopolÃ¡tico actual recoÃ±ecer o silesiano "poderÃ³a ser un risco para a seguridade nacional" e a "identidade nacional polaca" [5].

A realidade polÃ¡tico-electoral na Alta Silesia non Ã© moi positiva. Neste momento ningÃ³n partido rexionalista conta con representaciÃ³n nin na Asemblea Rexional Silesiana nin no Parlamento polaco. As razÃ³ns disto deben ser mellor estudadas, se ben, a falta de unidade entre os distintos partidos e a divisiÃ³n do voto rexionalista entre estes poderÃ³a ser unha das causas dos Ã³ltimos fracasos electorais. De tÃ³dolos xeitos, nas Ã³ltimas elecciÃ³ns o Partido Rexionalista Silesiano recibÃ³a un total de 50,000 votos. No pasado, o coÃ±ecido como RAÅš ou Ruch AutÃ³nÃ³mije ÅšlÃ³nska (en galego, Movemento pola AutonomÃ³a Silesiana) conseguirÃ³a estar presente na Asemblea Rexional, durante dÃ³as lexislaturas.

Sen embargo, o traballo pola defensa da lingua, a cultura e as tradicións silesianas van máis alá da esfera política, posto que numerosas asociacións reivindicán as mesmas de xeito activo integradas ao redor da Rada Górnolaska (en galego, o Consello da Alta Silesia) [6]. O recoñecemento formal e legislativo dos silesianos como grupo étnico por parte da República de Polonia e o recoñecemento da lingua como lingua rexional son os dous principais focos de traballo destas asociacións, entre as cales existen tamén algunhas que apostan por unha maior autonomía.

No contexto actual, darlle voz dende o país á loita das minorías polo recoñecemento da súa identidade, cultura e linguas debe estar sempre presente como un xeito de colocar as minorías no mapa e a nós, no mundo.

Referencias bibliográficas:

SMITH, A. D. (1984). Ethnic myths and ethnic revivals. *European Journal of Sociology / Archives Européennes de Sociologie / Europäisches Archiv für Soziologie*, 25(2), 283-305. <http://www.jstor.org/stable/23999274>

B&as

kulturowy. Warszawa: Wydawnictwo Naukowe Jan Szumacher.

Mu&, A. (2020). Silesian Harm and Upper Silesian Awakening. *Border and Regional Studies*, 8(4), 141-160. <https://doi.org/10.25167/brs2126>

National
Republic

Tilles, D. (2020).
Poland. <https://doi.org/10.25167/brs2126>

Mu&
beh

APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Europa

ETIQUETAS

Polonia Ucrania

INVESTIGACION

Relaciones Internacionales Paradiplomacia Unión Europea

Fecha de creación

agosto 23, 2024

Campos meta

Autoría : 4173